

25 anos educando

O QUE PASABA NO 2002

NO MUNDO:




O ollo por ollo, dente por dente foi unha constante no eterno conflito armado que libran Israel e os palestinos.

Terroristas asaltan o teatro Dubrovka de Moscú. As forzas de asalto rusas causan 129 reféns e 41 rebeldes mortos.

Luiz Inácio 'Lula' dá Silva foi eleito presidente de Brasil o 27 de outubro.

EE UU inicia o despregamento final para a guerra contra Iraq.

EN GALICIA:



O petroleiro Prestige, ao verquer fuel-oil de baixa calidade, convértese no maior desastre ambiental de todos os que teñen ocorrido nas costas galegas o que provoca unha ampla contestación social.

En plena crise do Prestige o PP aproba en solitario a lei do solo de Galicia. Remátanse as autovías á Meseta despois de 12 anos do seu inicio.

A nova moeda é o Euro.

Galicia enteira mobilízase contra o "Decretazo".

O día das letras é adicado ao ilustrado Frei Martín Sarmiento.

EN ESPAÑA



O Congreso dos Deputados aproba a futura Lei de Calidade do Ensino.

Xendarmes marroquíes ocupan o illote Perejil, unha rocha preto de Ceuta, pola que disputan Marrocos e España.


A reforma das prestacións por desemprego, aprobada polo Goberno, motivou unha folga xeral o día 20 de xuño.

O xuíz Baltasar Garzón notifica ás institucións vascas e navarras o seu auto no que suspende de maneira provisional as actividades de Batasuna pola súa "aparente integración" na banda terrorista ETA.

A Costa da Morte arrasada pola marea negra do Prestige. Importantes mobilizacións sociais e contestación política.

Repercusión inflacionista pola entrada en vigor do euro.

EN ELVIÑA:



Curso 2002-03

O 22 de xaneiro do 2003 unha cadea humana composta por alumnado de secundaria uniu Laxe e Muxía, a zona máis castigada pola marea negra do "Prestige".

O longo de corenta quilómetros os rapaces e rapazas dos centros de

ensinanza galegos aprenderon a practica dun dereito as veces esquecido: o dereito á manifestación.



NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS

NUNCA MÁIS